




Resumo memoria de
**Responsabilidade Social
Universitaria 2019**




Este resumo da Memoria de Responsabilidade Social Universitaria 2019, curso académico 2018-2019, da Universidade de Vigo, busca relatar brevemente e dun xeito gráfico o contido do devandito documento.

Datos básicos sobre estudiantado

Un 78% dos matriculados no curso 2018-2019 eran estudantes nalgunha carreira do ámbito de ciencias sociais e xurídicas ou de enxeñaría. Este é un dato que se mantén ano tras ano confirmando as preferencias do alumnado por cursar algunha carreira de estas ramas. Unhas proporcións que se manteñen no caso dos estudantes egresados.

A formación na UVigo pode complementarse cunha ampla oferta de cursos e obradoiros aos que pode acceder tanto a comunidade universitaria como a sociedade en xeral

Estudiantado matriculado por rama de coñecemento 2018/2019




Estudos propios

Matriculados/as

| | |
|--------------------------------------|--------------|
| 1 titulación propia | 50 |
| 8 Talleres e obradoiros | 107 |
| 5 Cursos de especialista | 93 |
| 16 Cursos complementarios | 129 |
| 26 Cursos de formación | 698 |
| 74 Cursos de extensión universitaria | 3.067 |
| 120 Cursos de idiomas (2019) | 1.986 |
| 6 Cursos de galego | 154 |
| 2 Cursos formacións para maiores | 569 |
| 258 TOTAL | 6.853 |

Estudiantado egresado por rama de coñecemento 2018/2019



Investigación e transferencia

No 2019 o número de PDI que participou en actividades de investigación competitiva e/ou transferencia foi de 538. Durante ese mesmo ano obtivéronse 189 novos sexenios.

Os recursos externos obtidos para financiar as actividades de investigación da Universidade de Vigo no ano 2019 foron dun 14,55 % do orzamento da UVigo (previsións iniciais). En canto o porcentaxe de financiación, a maior parte dela provén da Xunta de Galicia, seguida pola do Estado.

Durante o ano 2019, a Universidade de Vigo tivo en vixencia 635 contratos con persoas, universidades ou entidades públicas e privadas para a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como para o desenvolvemento de ensinanzas de especialización ou actividades específicas de formación. Tamén foron solicitadas 9 patentes, fronte as 14 do 2018. As patentes concedidas aumentaron de 14 a 16, as patentes en explotación mantivéronse en 27 e o número de Spin-off aumentaron a 10.


| Recursos externos captados | 2019 |
|---------------------------------------|-----------------|
| Proxectos investigación A.X. Estado | 3.771.337,8 € |
| Proxectos investigación A.C. Galicia | 7.441.999 € |
| Agrupacións estratéxicas A.C. Galicia | 0 € |
| Convenios | 267.000 € |
| Proxectos investigación europeos | 3.047.284 € |
| Proxectos investigación Interreg | 2.675.860 € |
| Infraestrutura FEDER | 2.902.000 € |
| Facturación CACTI | 140.597 € |
| Facturación ECIMAT | 1.692 € |
| Facturación CINBIO | 7.435,96 € |
| Contratación I+D | 6.262.190,64 € |
| INOUE | 46.200 € |
| Total | 26.563.596,27 € |
| Orzamento UVigo (previsións iniciais) | 182.535.089 |
| % | 14,55 |

| Grupos de investigación | Total |
|----------------------------------|-------|
| Grupos de investigación | 174 |
| Membros grupos de investigación | 1.905 |
| Mulleres membros | 911 |
| Investigadores/as principais | 266 |
| Mulleres Investigadora principal | 95 |

| | Total | Importe |
|-------------|-------|----------------|
| Contratos | 117 | 4.862.382 € |
| Informes | 508 | 1.366.257,69 € |
| Cursos | 10 | 31.550 € |
| Total xeral | 635 | 6.260.190,64 € |

| Transferencia | Total |
|--|----------------------------------|
| Contratos de licenza | 10 |
| Spin-off | titorizadas 5 creadas 5 |
| Patentes solicitadas no 2019 | nacionais 5 internacionais 4 |
| Patentes concedidas no 2019 | nacionais 14 internacionais 2 |
| Patentes en explotación a 31/12/2019 | nacionais 20 internacionais 2 |
| Patentes postas en explotación (2019) | nacionais 1 internacionais 6 |
| Nº de patentes nacionais activas | 232 |
| Software rexistrado (2019) | 5 |
| Modelos de utilidade solicitados (2019) | 3 |
| Modelos de utilidade concedidos (2019) | 1 |
| Modelos de utilidade en explotación (2019) | 0 |
| Nº de empresas start-up creadas (2019) | 0 |

% de financiación proxectos segundo a entidade financiadora 2019




Docencia en inglés

A Universidade de Vigo mantén o seu compromiso coa internacionalización e a mellora nas capacidades lingüísticas dos seus estudantes. Neste sentido, ademais da formación no Centro de Linguas, vaise artellando cada curso académico un determinado número de materias impartidas en inglés nas titulacións oficiais.

| Oferta docencia en inglés de grao | Nº de materias |
|-----------------------------------|----------------|
| Estudos de Grao | 131 |
| Estudos de mestrado | 85 |

Grao de satisfacción

A participación do estudantado na enquisa de satisfacción no curso 2018-2019 é de 46,17 %. Mentres que o grao de satisfacción do alumnado e das persoas egresadas é de 3,26 e 3.28 puntos sobre 5 respectivamente.



Orientación ao alumnado

A Universidade de Vigo, a través da SIOPE, ofrece a todo o alumnado e ás persoas con titulación universitaria, así como a futuros universitarios e universitarias, unha información clara e completa sobre todo o relativo á vida universitaria. Ademais, ofrece atención nas áreas de orientación educativa, académica e psicopedagóxica.

| Orientación ao alumnado | Totais |
|-------------------------------------|--------|
| Consultas recibidas | 1.779 |
| Accións formativas desenvolvidas | 11 |
| Participantes en accións formativas | 156 |

Bolsas propias

A Universidade de Vigo, un ano máis, mantén o seu compromiso coa igualdade de oportunidades a través dos programas de axudas para estudantes financiados co seu propio orzamento.

Bolsas propias

Contía total das bolsas 2.704.041,37 €

Prácticas académicas

Durante o curso académico 2018-2019, diminuíu o número de alumnos e alumnas que realizaron prácticas académicas curriculares e extracurriculares, 142 e 438 menos que o curso anterior, respectivamente.

Número de alumnos/as en prácticas


Curso 18/19

| | |
|-------------------|-------|
| Extracurriculares | 913 |
| Curriculares | 3.497 |
| Nº de convenios | 3.994 |

Mobilidade

Unha característica relevante da actual formación universitaria é a mobilidade de estudantes. Este aspecto resulta fundamental para a formación integral dos nosos alumnos e alumnas, do mesmo xeito que os programas de prácticas profesionais



Mobilidade internacional do estudiantado evolución



Emprego

Durante o curso académico 2018-2019, realizáronse un total de 102 consultas de asesoramento e información laboral e 74 entrevistas individualizadas de orientación laboral. A localización xeográfica das persoas entrevistadas corresponde a meirande parte á área metropolitana de Vigo (57) seguido de Pontevedra (11), A Coruña (1) e dúas correspondentes a fóra de Galicia.

No relativo ás ofertas de emprego, durante o curso académico 2018-2019 a Área de Emprego e Emprendemento xestionou e tramitou ofertas de emprego para diferentes sectores. En total, tramitáronse 217 ofertas de emprego e xestionáronse 93 convocatorias de formación práctica.



Beneficios sociais

Ademais dos pagos salariais, o persoal da nosa universidade ten outros beneficios sociais de diferente tipo que no ano 2019 deu como resultado a distribución e importe que pode verse nas táboas que se acompañan.

A través do programa Campus Camp, a nosa institución facilita ao persoal o coidado dos fillos e fillas durante os períodos de vacacións. Durante o ano 2019, 194 nenos e nenas puideron gozar deste servizo.

Con cargo ao capítulo 1

| Nº persoas | Conceptos | Importe total (€) |
|------------|----------------------------------|-------------------|
| 428 | Acción Social | 179.171,34 |
| 324 | Compl. I.L.T. | 652.971,53 |
| 14 | CPT | 9.669,62 |
| 15 | Gratíf. xubilación anticipada | 172.251,40 |
| 49 | Indemnización | 45.251,59 |
| 5 | Prestación de accidentes | 6.892,68 |
| 181 | Prestación de enfermidade | 889.485,32 |
| 8 | Gratificación por xubilación PAS | 124.844,00 |


Con cargo ao capítulo 6

| Nº persoas | Conceptos | Importe total (€) |
|------------|---------------------------|-------------------|
| 30 | Compl. I.L.T. | 18.126,81 |
| 924 | Indemnización | 226.477,35 |
| 2 | Prestación de accidentes | 1.612,51 |
| 12 | Prestación de enfermidade | 29.605,94 |

Situación administrativa por conciliación familiar. Ano 2019

| | TOTAL | % Mulleres |
|---|-------|------------|
| Excedencia por coidado de fillos | 5 | 100% |
| Excedencia voluntaria por agrupación familiar | 1 | 100% |
| Permiso paternidade | 24 | 0 % |
| Permiso por parto | 45 | 96 % |
| Redución xornada | 56 | 86 % |

Campus Camp. Histórico de participación. Nº de nenos/as 2019



Caixa de queixas, suxestións e parabéns

As queixas e suxestións son mecanismos activos de participación cidadá que serven á nosa Universidade para mellorar a calidade do seu servizo público. O procedemento permite a cidadanía trasladar de xeito áxil e simple, os motivos da súa insatisfacción, así como as propostas de mellora que considere oportunas.

| Clasificación interna | Curso 18/19 |
|-----------------------|-------------|
| Queixa | 423 |
| Suxestión | 111 |
| Parabén | 60 |
| Demanda | 1 |
| Reclamación | 2 |
| Solicitud | 1 |
| Non clasificable | 135 |
| Total xeral | 733 |

Responsabilidade na cadea de aprovisionamento

O seguinte cadro recolle as cifras de facturación atendendo á procedencia dos provedores. Consideramos provedores locais aos das provincias de Pontevedra e Ourense, onde teñen sede os campus da Universidade de Vigo. Estes representan o 47,06 % do número de provedores e facturan 13.900.106,15 €, o que representa un 38,75 % do total. Atendendo á orixe xeográfica, a Universidade de Vigo fornécese nun 49,5 % do contratado con provedores galegos, que en número representan o 58,59 % do total.

| Exercicio 2019 | | | |
|----------------|------------------|-----------------|-------------|
| Ámbito | Nº de provedores | Total facturado | % facturado |
| Local | 1.339 | 13.900.106,15 € | 38,75 € |
| Autonómico | 328 | 3.854.747,07 € | 10,75 € |
| Estatal | 824 | 16.807.373,42 € | 46,85 € |
| Estranxeiro | 354 | 1.309.014,91 € | 3,65 € |
| Totais | 2.845 | 35.871.241,55 € | 100 % |

Transparencia e sustentabilidade na xestión económica

A universidade mantén nos últimos anos unha liña de estabilidade nos ingresos, cun aumento no ano 2018 do 4.53% respecto do ano anterior.

Evolución dos ingresos (dereitos recoñecidos). Anos 2014 a 2019(€)

| | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 |
|---------------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|----------------|----------------|
| Ingresos (dereitos recoñecidos) | 146.593.087 | 151.027.720 | 153.759.723 | 158.340.392 | 161.388.146,40 | 165.049.891,98 |
| % variación anual | -3,01% | 3,03% | 1,81% | 2,98% | 1,89% | 2,30 % |

Evolución dos gastos (obrigas recoñecidas). Anos 2014 a 2019 (€)


| | 2014 | 2015 | 2016 | 2017 | 2018 | 2019 |
|------------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|------------|----------------|
| Gastos (obrigas recoñecidas) | 147.443.760 | 155.009.911 | 149.968.829 | 157.064.633 | 164.126,69 | 169.720.773,30 |
| % variación anual | 3,57% | 5,13 % | -3,25% | 4,73% | 1,89% | 3,41 % |

Universidade saudable

A Universidade de Vigo considera o deporte como un aspecto fundamental na formación integral do alumnado e o seu obxectivo é conseguir que o maior número de persoas realice algún tipo de exercicio que contribúa a mellorar a súa calidade de vida, facilitando todos os medios necesarios para a práctica deportiva.

Durante o curso 2018-2019 con respecto ao Abono Muger, que ofrece acceso libre ás instalacións deportivas universitarias e a un importante número de actividades dirixidas, hai un total de 1.588 persoas usuarias, das cales un 40 % son mulleres

Persoas usuarias abono Muger 2018-2019



Medio ambiente


O estudo da pegada de carbono ten un importante interese e utilidade, debido a que pon de manifesto un compromiso de mellora continua da Uvigo de cara á redución de emisións e á eficiencia enerxética. Así mesmo, actúa como instrumento de divulgación e sensibilización social da comunidade universitaria, fomentando prácticas máis sustentables no exercicio e uso das actividades desta institución.

A principal fonte de CO₂ da Uvigo, con 56% das emisións anuais, é a mobilidade, polo que as variacións no número de desprazamentos ou nos hábitos de transporte das persoas usuarias xeran cambios na pegada de carbono.

Emisións totais (Tm Co₂) ano 2019

| Emisións totais (Tm Co ₂) ano 2019 | Total |
|--|-----------------|
| Edificación | 4.115 |
| Electricidade | 4.198 |
| Papel | 47 |
| Mobilidade | 11.176 |
| Gasóleo C | 1.183 |
| Residuos (ponderado) | 8 |
| Auga | 22 |
| Gas Natural | 1.566 |
| Pelets | 5.06 |
| Total | 22319,06 |
| Total por persoa | 0,99 |

Evolución Pegada Ecolóxica



Tendo en conta as 79 hectáreas de superficie arborada dos bosque que conforman os campus, estimouse para o ano 2019 unha biocapacidade de absorción de CO₂ dos bosques na Uvigo foi de 342,07 t CO₂eq/ano (capacidade de fixación de CO₂ para o bosque galego: 4,33 t CO₂ eq/ha/ano; USC Herva, M. 2011), o que significa 116,30 gha totais menos correspondentes a este sumidoiro de CO₂ (0,0052 gha/persoa). A grande extensión arborada e vexetal no campus principal das Lagoas-Marcosende é moi beneficiosa, xa que actúa como sumidoiro das emisións de CO₂. A pegada de carbono total sería entón de 21 9767 t CO₂ eq (0,9882 t CO₂ eq/persoa), que se corresponde cunha pegada ecolóxica de 7470 gha (0,3325 gha/persoa).

Promoción do voluntariado e a cooperación

Durante o curso 2018-2019, 256 persoas participaron nas actividades de voluntariado nun total de 37 programas. O 67 % son mulleres, unha porcentaxe similar ao ano anterior.

Así mesmo a nosa universidade participa en campañas de doazón de órganos, recollida de alimentos, visitas a hospitais, talleres de inserción, entre outros.

| Voluntariado e cooperación | TOTAL | % Mulleres |
|--|-------|------------|
| Nº estudantes en accións de voluntariado | 256 | 67 % |
| Nº de programas | 37 | |

Transferencia social e cultural

Dentro do organigrama institucional, a Vicerreitoría de Extensión Universitaria ten como obxectivo básico promover a participación da comunidade universitaria en actividades complementarias que fomenten a formación integral do noso alumnado. Na táboa que se acompaña poden verse a diversidade de actividades culturais e o número de asistentes ás mesmas.

| Transferencia social e cultural | TOTAL | |
|---------------------------------|-------------|------------|
| | Actividades | Asistentes |
| Exposicións | 13 | 9.100 |
| Aulas e obradoiros | 45 | 933 |
| Cursos de extensión | 11 | 330 |
| Concursos (premios UVigo) | 5 | 176 |
| Coro universitario | 9 | 2.290 |
| Teatro e artes escénicas | 17 | 2.460 |
| Música | 18 | 5.650 |
| Proxeccións audiovisuais | 51 | 4.665 |
| Conferencias e mesas redondas | 44 | 2.410 |
| Totais | 213 | 39.014 |

Compromiso coa lingua

A Área de Normalización Lingüística (ANL) encárgase de todas as labores de promoción e soporte técnico ao proceso de espallamento do uso da lingua galega no ámbito docente, investigador, administrativo e de servizos, consonte ao estipulado nos Estatutos da Universidade Vigo.

| Cursos 2018/2019 | TOTAL | % Mulleres |
|---|-------|------------|
| Como redactar e expoñer o teu TFG ou TFM | 30 | 83,33 % |
| Curso básico de linguaxe sanitaria | 15 | 80,00 % |
| Curso de extensión cultural | 19 | 78,95 % |
| Curso de linguaxe administrativa e xurídica | 30 | 76,67 % |
| Curso de reciclaxe en lingua galega | 30 | 76,67 % |
| Curso de redacción e estilo | 30 | 76,67 % |

